

ACTIVIDADE Nº 1	PROPORCIONALIDADE	DATA:
ALUMNO/A :		GRUPO:

Dúas magnitudes son directamente proporcionais se cando aumenta unha aumenta a outra a mesma proporción.

- 1) Se 2 xeados custan 3€; canto custarán 6 xeados?
- 2) Na atmosfera a temperatura baixa 4°C por cada 1000 m. que se ascende. Canto baixará a temperatura ao ascender 5000 m?
- 3) O envío dun paquete por correo costa 2 € por cada 100 gr. de peso, canto custa un paquete que pesa medio Kg?
- 4) Tres recolectores de cogumelos recollen nun día a colleita dun campo de 2 hectáreas. Cantas hectáreas recollerán entre 12 recolectores?
- 5) Unha persoa de 60 Kg. na Lúa pesaría, aproximadamente, 10 Kg. canto pesaría unha persoa de 76 Kg.?

Dúas magnitudes son inversamente proporcionais se cando aumenta unha a outra diminúe na mesma proporción.

- 6) Entre 2 billas enchen un depósito en 3 horas. canto tardarían entre 6 billas?
- 7) Se 20 galiñas comen un saco de penso en 8 días. canto durará o saco se temos 32 galiñas?
- 8) A unha velocidade de 100 Km/h un coche tarda 6 horas en chegar a Madrid. Canto tardaríase vai a unha velocidade de 80 Km/h?
- 9) Se 3 recolectores de cogumelos tardan 8 días en recoller os cogumelos dun terreo. Canto tardarían se fosen 4 recolectores?
- 10) Para o aniversario de Rosa os seus amigos deciden facelo un regalo. Se o fan entres 4 amigos, cada un debe poñer 3,50 €, canto achegaría cada un se o regalo o compran entre 7 amigos?

Antes de facer estes problemas pensa se a proporcionalidade é directa ou é inversa.

- 1) Unha chamada co teléfono móbil de 4' de duración custou 0,80 €,canto custará unha chamada de media hora?
- 2) Con tres botes de pintura pódese pintar unha superficie de 50 m² Cantos botes de pintura necesítanse para unha superficie de 200 m²?
- 3) A unha velocidade de 70 Km/h un coche tarar 5 horas en chegar a Murcia. A que velocidade debe ir para tardar 3 horas e media?

- 4) Unha mecanógrafa a un ritmo de 180 pulsacións por minuto tarda 4' en escribir unha páxina. cantas pulsacións por minuto debe alcanzar para tardar 3' ?
- 5) Nunha pastelería gastan 2 Kg. de fariña para facer 15 biscoitos, cantos Kg. De fariña necesitarán para 42 biscoitos?
- 6) Unha expedición de 6 montañeiros leva alimentos para 15 días. Recollen Por o camiño a 3 montañeiros que estaban perdidos. Para cantos días terán alimentos?
- 7) Dúas limpiadora tardan tres cuartos de hora en limpar as mesas dunha clase, cantos minutos tardarían entre 5 limpiadora?

ACTIVIDADE Nº 2	PORCENTAXES	DATA:
------------------------	--------------------	--------------

Para calcular o tanto por cento dun número, multiplícase o número por o tanto e divídese entre 100

- 1) Calcula:
- | | |
|---------------|---------------|
| a) 10% de 70 | b) 10% de 56 |
| c) 10% de 130 | d) 10% de 123 |
| e) 20% de 70 | f) 20% de 56 |
- 2) Sábese que o 18% dos habitantes dun pobo ten os ollos azuis. Se o pobo ten 2400 habitantes. cantos deles teñen os ollos azuis?
- 3) A auga constitúe o 70% do corpo humano. Se unha persoa pesa 80 Kg calcula a cantidade de auga que contén o seu corpo.
- 4) Dos 130 alumnos e alumnas de 2º ESO, o 30% ten teléfono móbil. Cantos teñen teléfono móbil?
- 5) Nunha fábrica de televisores o 2% resultan defectuosos. Ao cabo dun día se fabricaron 400 televisores, cantos están en bo estado?
- 6) Nunha tenda de electrodomésticos hai rebaixas do 15%. Se un televisor custaba 500 €, cal será o seu prezo rebaxado?
- 7) En 2004 o soldo da nai de Juan era 1400€ Se en 2009 aumentou nun 5%,canto gaña actualmente?

Para calcular qué porcentaxe corresponde a unha parte, formulamos unha proporcionalidade directa. Fíxate no exemplo:

Exemplo: que porcentaxe vai nos puntos suspensivos.....% de 300 =45 ?.

300_____100%

45_____ x x = % 15

- 6) Calcula a porcentaxe que vai en puntos suspensivos:
- | | |
|----------------------|---------------------|
| a)% de 80 =8 | b)....% de 32 =8 |
| c) % de 75 =15 | d).... % de 120 =96 |